

Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**BAIONA**

**Persoal, oposicións**

*BASES PRAZA ARQUITECTO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS*

*EXPDTE 3818/2019*

*BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNA PRAZA DE ARQUITECTO/A COMO  
FUNCIONARIO INTERINO POR EXCESO OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS*

*1.—OBJECTO DA CONVOCATORIA*

O obxecto das presentes bases é a cobertura dunha praza de arquitecto por exceso de acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, de conformidade co disposto no punto 1.d do artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no punto d) do artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Esta praza ten as seguintes características:

- Grupo: A1
- Escala de Administración Especial
- Subescala Técnica, clase técnico superior
- Denominación: Arquitecto
- Nivel complemento de destino: 26
- Complemento específico: 18.085,99 euros brutos (14 mensualidades), máis as adecuacións previstas nas Leis de Presupostos Xerais del Estado que, no seu caso, correspondan.

A praza referida está adscrita ás oficinas de urbanismo sendo as funcións as que ten encomendadas que serán as propias da subescala

Tendo en conta as características e complementos asignados ó posto de traballo, o desempeño do mesmo conleva incompatibilidade para o exercicio de actividades propias da súa profesión no eido público e privado.

*2.—DURACION*

Seis meses, dentro de un período de doce, de conformidade co sinalado no artigo 23 da Lei de Emprego Público de Galicia,



### 3.—SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo escollido é do concurso-oposición libre, en virtude da necesidade de que os candidatos amosen a súa idoneidade para o praza a cubrir.

### 4.—REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección será preciso cumpri-los requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera se sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Ter cumprido dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non ser inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

e) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Baiona, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

f) Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual. (As persoas que resulten seleccionadas, deberán aportar, previa á contratación, unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, ou autorizar expresamente ó Concello para a súa solicitude).

g) Estar en posesión do título de ARQUITECTURA

h) Ter aboado os dereitos de exame por importe de 18,00 euros, mediante ingreso na conta xeral do Concello nº ES06 2080 5015 6030 4001 1550. Estarán exentos do pago da taxa aquelas persoas que estean inscritas como demandante do emprego no Servizo Público de Emprego Estatal, sempre que non estean cobrando ningún tipo de prestación, o que deberá acreditarse co correspondente certificado

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario interino

### 5.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes poderán presentarse no modelo de instancia unida a estas Bases no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de dez días hábiles a contar dende a data da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Rematado o prazo publicarase o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos dándose un prazo de tres días hábiles para no seu caso de emenda de erros e publicándose ao finalizar dito prazo o listado de aspirantes definitivos admitidos e excluídos e a data de realización da proba.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

Dita publicación realizarase na páxina web institucional do concello [www.baiona.org](http://www.baiona.org), no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica.

Ademais farase constar os resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, exporanse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior e/ou na páxina web do Concello ou Taboleiro de edictos/sede electrónica, ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos, na páxina web do Concello e na sede electrónica.

A documentación que deberán presentar os/as aspirantes a este proceso será o modelo de instancia debidamente cuberta xunto ca seguinte documentación:

a) Copia compulsada do D.N.I.

b) Copia compulsada do título ou títulos requiridos.

c) Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente (recollida xa na instancia)

d) Acreditación documental dos méritos formativos e da experiencia profesional.

e) Copia do Título de CELGA IV, no caso de posuílo.

f) Os aspirantes con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos aspirantes. Os interesados deberán formular petición expresa de participar no proceso de selección pola quenda de discapacidade (cando este estivese previsto) debendo aportar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de discapacidade, acreditando a/s deficiencia/s que deran orixe ó grado de discapacidade recoñecido, a efectos de que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada. Non procede neste suposto reservar unha porcentaxe das prazas con minusvalía por ser a única praza convocada.

## 6.—PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será de concurso-oposición cun exercicio obrigatorio e eliminatorios, proba de galego de carácter obrigatoria e eliminatorio, e posterior fase de concurso



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

### FASE DE OPOSICION

Consistirá na realización do seguinte exercicio:

Primeiro exercicio, de carácter teórico práctico consistente en desenvolver un ou varios supostos de carácter práctico, e preguntas teóricas relacionadas co mesmo, durante un período máximo de tres horas, a proposta do tribunal e que estarán directamente relacionadas co temario relacionado no anexo I desta convocatoria. Este exercicio é eliminatorio, e valorarase ata o máximo de 10 puntos sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de 5 puntos.

Unha vez realizado o exercicio, será entregado ó tribunal en sobre pechado polo aspirante. Posteriormente, o exercicio será lido polo aspirante ante o tribunal en acto público, na data que se indicará oportunamente polo tribunal. O Tribunal poderá formular as preguntas e/ou aclaracións que estime pertinentes.

**CUALIFICACIÓN:** De 0 a 10 puntos, sendo preciso un mínimo de 5 puntos para superalo.

Segundo exercicio: Coñecemento da lingua galega: Obrigatorio e eliminatorio para os aspirantes non exentos. Consistirá na tradución directa do Castelán o galego dun texto proposto polo tribunal cualificador sen axuda de dicionario. Esta proba ten unha duración máxima de 30 minutos e os aspirantes serán cualificados como apto ou non apto. O/a aspirante que non obtivese a calificación de apto, no caso de ser seleccionado, deberá realizar o curso de iniciación no termino máximo dun ano.

Consonte o establecido no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño estarán exentos da realización dunha proba específica de galego os aspirantes que acrediten posuír no día da finalización do prazo de presentación das instancias o CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

### 7.—CUALIFICACIÓN DE MÉRITOS NA FASE DE CONCURSO

1) Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos/as aspirantes, que deben xustificarse fidedignamente con documentos orixinais ou unha copia autenticada acreditativa daqueles.

2) Nesta fase valoraranse os méritos acreditados polos aspirantes ata un máximo de 4 puntos, segundo o seguinte baremo.

#### *I. Experiencia profesional. Ata un máximo de 1,5 puntos.*

- Valorarase con 0'10 puntos por mes a experiencia no desenvolvemento de postos de traballo como arquitecto na Administración Pública, ben a través dunha relación laboral ou como funcionario. Deberá acreditarse mediante certificado de prestación de servizos emitido polo órgano competente da Administración, ou vida laboral expedida pola tesourería Xeral da Seguridade Social xunto co contrato de traballo inscrito no INEM, nóminas ou acta de toma de posesión.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

- Valorarase con 0,05 puntos por mes a experiencia no desenvolvemento de postos de traballo como arquitecto no ámbito de empresas privadas. Deberá acreditarse con vida laboral expedida pola tesourería Xeral da Seguridade Social xunto co contrato de traballo inscrito no INEM ou nóminas.
- Polo exercicio da profesión libre de arquitecto, valorarase de conformidade co seguinte cadro. A experiencia acreditarase mediante certificado do colexio oficial de arquitectos acreditativo das actuacións realizadas.
  - Ata 25 actuacións: 0,30 puntos
  - De 26 ata 50 actuacións: 0,60 puntos
  - De 51 ata 75 actuacións: 0,90 puntos
  - De 76 ata 100 actuacións: 1,20 puntos
  - De máis de 100 actuacións: 1,50 punto

### *II. Formación: Ata un máximo de 1,5 puntos*

Por participación en cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo oficial autorizado para impartilos, relacionados coas funcións propias do posto ó que se aspira, dependendo do número de horas:

- De 0 a 20 horas: 0'20 por curso.
- De 21 a 50 horas: 0'40 por curso.
- De 51 a 100 horas; 0'70 por curso.
- Máis de 101 horas: 0'80 por curso.

Non se valorarán a asistencia a xornadas nin congresos nin cursos nos que non se reflectan as horas de duración.

Non serán obxecto de valoración os cursos de informática.

### *III. Superación de exercicios en procesos selectivos: Ata 1 punto*

Por haber superado probas da fase de oposición de procesos selectivos convocados por Administracións Públicas para selección de arquitectos: 0,10 puntos por exercicio superado que deberá acreditarse con certificado emitidos polo órgano competente no que de forma expresa se faga constar o/os exercicio/s superado/s do proceso selectivo.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A suma total dos méritos da fase de concurso non suporá máis do 40% do total do proceso selectivo.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

### 8.—*TRIBUNAL CUALIFICADOR*

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ningún.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) Presidente: Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) Secretario: Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.
- 3) Tres Vogais: Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido na Lei 40/2015





Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que os/as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade colo previsto no 29 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón do servizo: “Se abonarán asistencias a los miembros de los tribunales de oposiciones y concursos encargados de la selección de personal o de las pruebas cuya superación sea necesaria para el ejercicio de profesiones o para la realización de actividades, siempre que dichos procesos de selección conlleven la realización de ejercicios escritos u orales”.

#### 9.—CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

Á cualificación obtida polos/as aspirantes na oposición, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios, engadirase á puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello.

O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e por último a puntuación obtida na fase de concurso, ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverá por sorteo.

Os aspirantes que teñan superado o proceso selectivo pero que non contaron coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición e polo tanto non foron seleccionados para a prazas ofertada pasarán a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes do/a seleccionado/a durante o período de vixencia do contrato que resulte do proceso selectivo. Ó término do mesmo, a lista de reserva extinguirase.





Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Cando sexa necesario utilizar a listaxe de reserva e proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviándolle un burofax e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado, así mesmo tentarase comunicar por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non recollese o burofax equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista. Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

#### *10. ACHEGA DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES APROBADOS*

A relación de aprobados/as, publicada no taboleiro de anuncios do Concello, conterá unha advertencia recordándolles ós opositores aprobados que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para ingresar na función pública local e acceder á praza convocada.

Os/as aspirantes propostos achegarán, dentro do prazo de 5 días hábiles, contados dende a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e mailos requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. ou no seu caso escrito de renuncia a actividade que motiva a incompatibilidade consonte o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades del Persoal al Servizo de las Administracións Públicas.
- 3) Quen non presentara a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado como funcionario interino, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgúns requisitos.
- 4) Nese caso, o tribunal poderá formular nova proposta de nomeamento a favor do aspirante que, tendo superado a totalidade do proceso selectivo, lle segue na orde de puntuación.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

### 11. NOMEAMENTO DO PERSONAL

Achegados os documentos procederáase ao nomeamento dos aspirantes polo Sr. Alcalde, e deberá tomar posesión do seu cargo no prazo de cinco días.

### 12.—RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

O aspirante que resulte nomeado para esta praza quedará sometido dende o momento da súa toma en posesión ó réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia dado pola Lei 53/84, do 26 de decembro, e normas de desenvolvemento.

### 13. INCIDENCIAS

O tribunal queda facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### 14. RÉXIME XURÍDICO

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

### 15.—DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



*ANEXO I*  
*A) TEMAS XERAIS*

Tema 1. A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Tema 2. A organización territorial do Estado na Constitución. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 3. Os poderes do Estado. A división de poderes. O Tribunal Constitucional.

Tema 4. A Xunta de Galicia e o seu Presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 5. A Administración do Estado no ordenamento español: estrutura e funcións. A Administración Pública da Comunidade Autónoma. A administración periférica. A administración institucional e corporativa.

Tema 6. A Administración pública na Constitución e a regulación da Administración na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Principios de actuación da Administración pública.

Tema 7. A Unión Europea. Institucións. As fontes do Dereito comunitario europeo. Relacións entre o Dereito comunitario e o ordenamento xurídico dos Estados membros.

Tema 8. A Administración Local. O municipio. Elementos. O termo municipal. A poboación.

Tema 9. Organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Competencias municipais.

Tema 10. A potestade regulamentaria das entidades locais. Ordenanzas e regulamentos.

Tema 11. O acto administrativo. Elementos. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

Tema 12. O procedemento administrativo. Principios xerais. Fases do procedemento. Recursos administrativos.

Tema 13. Dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito de acceso a arquivos e rexistros públicos. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

Tema 14. O persoal ao servizo da Administración local. Clases. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración local. Réxime de incompatibilidades. Faltas e sancións.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

Tema 15. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Disposicións xerais. Ámbito de aplicación. Clases de contratos.

Tema 16. Formas de actuación administrativa: fomento, policía e servizo público.

Tema 17. Os bens das Entidades Locais. Dominio Público e bens patrimoniais.

Tema 18. O Texto Refundido de Facendas Locais. Especial consideración aos recursos das Entidades Locais.

### *B) TEMAS ESPECÍFICOS*

Tema 1. Evolución histórica do Dereito Urbanístico español.

Tema 2. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Tema 3. Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Tema 4. Costas e portos: lexislación estatal e autonómica. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Planificación urbanística da franxa litoral e dos portos. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

Tema 5. Normativa urbanística aplicable na Comunidade de Galicia: Lei 2/2016, do 10 de Febreiro, do Chan de Galicia. O Regulamento da Lei do Solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Tema 6. Normativa galega de protección da paisaxe. Catálogos da Paisaxe.

Tema 7. Directrices de Ordenación do Territorio.

Tema 8. Plan de ordenación do Litoral.

Tema 9. Planeamento urbanístico municipal. Determinacións legais e regulamentarias. Ordenanzas Municipais. Determinación sobre redes públicas.

Tema 10. Réxime urbanístico do chan. Clasificación do Chan. Dereitos e deber.

Tema 11. O plan básico autonómico e os plans básicos municipais.

Tema 12. Planeamento de desenvolvemento dos plans xerais. Os Plans parciais: Disposicións xerais. Obxecto. Determinacións e documentación. Plans especiais: Finalidades e clases.

Tema 13. Delimitacións do chan de núcleo rural. Estudos de detalle. Catálogo de bens e espazos protexidos.

Tema 14. Os Plans xerais de ordenación municipal. Formulación e contido. Determinacións. Documentación. Procedemento para a súa aprobación.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

Tema 15. Vixencia, modificación e revisións dos plans.

Tema 16. Execución dos plans. Requisitos previos á actuación. Ámbito de actuación.

Tema 17. Delimitación de polígonos de execución. Sistemas de actuación. Principios xerais da execución dos plans. Substitución do sistema.

Tema 18. Distribución equitativa de beneficios e cargas. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo.

Tema 19. O sistema de compensación. Execución directa polos propietarios. Disposicións xerais. Xuntas de compensación. Estatutos e bases. Proxecto de compensación. Execución de obras e cesións.

Tema 20. O sistema de cooperación. Proxecto de reparcelamento. Criterios e procedemento.

Tema 21. Sistema de expropiación. Disposicións xerais. Procedemento do sistema de expropiación. Pago do xustiprezo. Toma de posesión.

Tema 22. O sistema de execución forzosa. Características do sistema. Contido e efectos.

Tema 23. Réxime de valoración do Chan. Criterios xerais de valoracións do chan e demais dereitos.

Tema 24. Intervención da Comunidade de Galicia en actos de uso do Chan, edificación e construción. Cualificacións urbanísticas.

Tema 25. A intervención na edificación e no uso do chan. As licenzas: actos suxeitos a licenza, actos promovidos polas administracións públicas. As comunicacións previas: actos suxeitos a comunicacións previas.

Tema 26. Contido do proxecto técnico de obra, contido da licenza, licenza de primeira ocupación, silencio administrativo na concesión de licenzas. Os informes sectoriais.

Tema 27. Inspección urbanística. Ordes de execución, en especial as relativas á conservación e rehabilitación.

Tema 28. Protección da legalidade urbanística. Supostos legais e medidas de protección.

Tema 29. A declaración legal de ruína. Ruína legal e ruína física. Intervención do arquitecto nos expedientes de ruína. Informes e ditames.

Tema 30. Instrumentos de incidente no mercado inmobiliario. Patrimonio público do Chan. Dereito de tenteo e de retracto.

Tema 31. Infraccións urbanísticas. Tipos. Sancións. Prescricións.

Tema 32. Normas básicas da edificación e Normas Tecnolóxicas. A súa aplicación e obrigatoriedade. Normas en vigor.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

Tema 33. O Código Técnico da edificación: Disposicións xerais. Contido. Condicións técnicas e administrativas. Condicións do proxecto, na execución da obra e do edificio.

Tema 34. Infraestruturas xerais viarias, redes arteriais e urbanas. Lei de Estradas da Comunidade de Galicia.

Tema 35. Lexislación sobre Augas e Regulamentos de desenvolvemento.

Tema 36. Código Técnico da Edificación: Obxecto. Ámbito de aplicación. Condicións Xerais para o cumprimento do CTE. Esixencias básicas. Condicións do proxecto. Contido do proxecto.

Tema 37. Obtención de terreos de sistemas xerais e locais.

Tema 38. Criterios de deseño arquitectónico e urbano en conxuntos históricos. Principios teóricos de restauración e rehabilitación.

Tema 39. Normativa galega sobre emprendemento e competitividade.

Tema 40. Normativa vixente en materia de accesibilidade.

Tema 41. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Disposicións xerais. Disposicións específicas de seguridade e saúde durante as fases do proxecto e execución das obras. Avaliación e prevención de riscos en obras e actividades que non requiran proxecto.

Tema 42. Normas urbanísticas e culturais na regulación do Patrimonio Arquitectónico.

Tema 43. Concepto de Patrimonio histórico, o seu marco constitucional e sistema de pertenza ao mesmo.

Tema 44. Lexislación sobre Patrimonio Cultural de Galicia.

Tema 45. Pavimentacións especiais en conxuntos históricos artísticos.

Tema 46. Mobiliario en conxunto histórico artístico.

Tema 47. Criterios de deseño e adecuación na contorna de edificios históricos artísticos.

Tema 48. Os Bens de Interese Cultural na lexislación sobre Patrimonio. Ordenación xeral e especial.

Tema 49. A Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación. Ámbito de aplicación e requisitos da edificación.

Tema 50. O proceso edificatorio na Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación.

Tema 51. Valoracións urbanísticas e expropiatorias. Regulación contida no texto refundido da Lei do chan e no Regulamento de valoracións.

Tema 52. Valoracións fiscais. Valor catastral (normativa técnica estatal para o seu cálculo). A comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmoables rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia (normativa técnica autonómica para o seu cálculo).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:DVWBCF1KAIZLKF45



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

Tema 53. Espazos naturais: lexislación estatal e autonómica. Espazos naturais de interese comunitario. Usos permitidos e prohibidos nas zonas de especial conservación. Significado das actividades vinculadas aos usos tradicionais.

Tema 54. Actuacións protexidas en materia de rehabilitación. Lexislación estatal e autonómica. Rehabilitación de vivendas e edificios no medio rural e en conxuntos históricos. Final exterior de vivendas rurais. Infravivenda. Requisitos, condicións e tramitación.

Tema 55. O Plan Xeral de ordenación Urbanística do Concello de Baiona (en adiante PGOU). Estrutura xeral e contido. Normas de carácter xeral.

Tema 56. Normas urbanísticas do PXOM: Marco Legal. Vixencia, contido e efectos. Desenvolvemento do Plan. Desenvolvemento e execución do planeamento.

Tema 57. PGOU: O réxime urbanístico do solo.

Tema 58. PGOU: Ordenanzas reguladoras dos usos

Tema 59. PGOU: Ordenanzas reguladoras da edificación. Definicións. Condicións xerais de volume e hixiénica. Condicións de estética.

Tema 60. PGOU: Normas reguladoras do solo urbano. Ordenanza nº 1 da edificación en bloque pechado. Ordenanza nº 2 da edificación en bloque aberto. Ordenanza nº 3 da edificación mixta.

Tema 61. PGOU. Ordenanza nº 4 da edificación unifamiliar. Ordenanza nº6- mantemento da edificación existente. Ordenanza nº7 da Edificación Industrial. Ordenanza nº8 do solo urbano en núcleo rural.

Tema 62. PGOU: Ordenanza 5: Conxunto Histórico Artístico. Decreto 48/1993, do 25 de febreiro polo que declarou ben de interese cultural con categoría de conxunto histórico artístico a zona antiga de Baiona coa delimitación que consta no anexo I e nos planos que constan no anexo II (DOG num. 40 de data 1 de marzo de 1993) e posterior corrección de erros publicada no DOG nº73 de data 20 do abril de 1993). Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico de Baiona.

Tema 63. PGOU: Edificios, conxuntos e elementos obxecto de protección integral: Edificios, conxuntos e elementos obxecto de protección non integral. Catálogo de Edificios e Elementos a Conservar.

Tema 64. PGOU: Regulación do solo urbanizable.

Tema 65. PGOU: Réxime e ordenanzas reguladoras dos núcleos rurais (ordenanza 10 solo non urbanizable de núcleo rural.)

Tema 66. PGOU: Réxime de solo non urbanizable

Tema 67. PXOM: Normas de urbanización.





Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

Tema 68. O desenvolvemento histórico da Vila de Baiona. Os primeiros asentamentos. A realidade actual do municipio. Os núcleos de poboación. A súas características fundamentais. A rede viaria.

Tema 69. Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: Lei 8/1997, do 10 de agosto. Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade: Decreto 35/2000.

Tema 70. Instalacións de telecomunicacións. Disposicións sobre infraestruturas comúns nos edificios para acceso ós servizos de telecomunicacións. Real decreto Lei 1/1998 e Real Decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións.

Tema 71. Lei 8/2012, de 29 de junio, de vivenda de Galicia.

Tema 72. A protección do Medio ambiente. Lexislación comunitaria, estatal e autonómica. Aspectos xerais. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO EN RÉXIME DE INTERINIDADE POR ACUMULACIÓN DO TAREFAS DO CONCELLO DE BAIONA.

NOME: ..... APELIDOS: .....  
..... D.N.I.: ..... ENDEREITO: Rúa.....  
núm..... Localidade..... C.P..... Correo  
electrónico:..... TELEFONO:.....

Por medio do presente declara:

1.—Que coñezo e acepto íntegramente o contido das bases de convocatoria destas prazas, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen, manifestando expresamente:

2.—Que non me atopo separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que se fose separado ou inhabilitado.

3.—Que non padezo ningunha enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das tarefas propias do posto ao que opto.

4.—Que me fago responsable da veracidade dos datos recollidos na documentación que achego.



Luns, 10 de febreiro de 2020

Núm. 27

*DOCUMENTACION A PRESENTAR XUNTO A PRESENTE SOLICITUDE*

1. A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
2. Fotocopia compulsada do D.N.I.
3. Copia compulsada do título ou títulos requiridos.
4. Acreditación documental dos méritos formativos e da experiencia profesional.
5. Copia do Título de CELGA IV, no caso de póse-lo
6. Xustificante do pagamento das taxas polo importe de 18 €

Baiona, a de de 2019.

Asdo

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA.

O Alcalde, Carlos Gómez Prado

Baiona, na data que figura ao marxe deste documento asinado electrónicamente

